

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

EXTRACTO da Resolución do 9 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa operativo FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento SI427A e SI436B).

BDNS (Identif.): 743743.

De conformidade co previsto no artigo 17.3.b) e no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nesta resolución as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que teñan domicilio social ou delegación en Galicia e que estean inscritas na área de igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), sempre que cumpran os demais requisitos e condicións establecidos nas bases reguladoras.

Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia competitiva a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento dos seguintes programas.

a) Programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade (procedemento SI427A). O período de referencia para o desenvolvemento do programa e para a imputación dos gastos subvencionables será o comprendido entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de agosto de 2024, ambos os dous incluídos.



b) Programa do Plan Corresponsables para o desenvolvemento de actuacións orientadas a facilitar a conciliación das familias con menores a cargo de ata 16 anos de idade mediante a creación de bolsas de coidado profesional, a través da creación de emprego de calidade no sector dos coidados, e plans de formación e sensibilización en corresponsabilidade e coidados destinados aos homes e ás familias (procedemento SI436B). Serán subvencionables os gastos xerados entre o 1 de outubro de 2023 e ata o 30 de setembro de 2024, ambos os dous incluídos.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 9 de febreiro de 2024, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, cofinanciadas parcialmente pola Unión Europea no marco do Programa operativo FSE+ Galicia 2021 2027, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento SI427A e SI436B).

Cuarto. *Importe*

As contías máximas das axudas nos programas son as seguintes:

a) Programas de recursos integrais de atención especializada dirixidos específica e exclusivamente a mulleres en situación de especial vulnerabilidade (procedemento SI427A): a contía máxima da axuda é de 40.000 euros. Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de un millón setecentos sesenta e un mil cincocentos corenta e sete euros (1.761.547,00 €).

b) Programa do Plan Corresponsables (procedemento SI436B): a contía máxima da axuda será de 40.000 euros, cando se solicite para a realización da tipoloxía de proxectos de bolsas de coidado profesional de menores a cargo de ata 16 anos de idade, e de 10.000 euros cando se solicite para a realización de proxectos de plans de sensibilización e formación en corresponsabilidade destinados aos homes e ás familias. No caso de que se solicite para as dúas tipoloxías de proxectos, o límite máximo da axuda por entidade será de 50.000 euros, respectando o límite establecido para cada tipoloxía de proxecto. Para a concesión destas axudas destínase crédito por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00 €).



As axudas do procedemento SI427A estarán cofinanciadas nun 60 % pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 no obxectivo político 4. Unha Europa máis social e inclusiva, por medio da aplicación do pilar europeo de dereitos sociais; prioridade 2. Inclusión social e loita contra a pobreza; obxectivo específico 4.8. Fomentar a inclusión activa co obxecto de promover a igualdade de oportunidades, a non-discriminación e a participación activa, e mellorar a empregabilidade, en particular para os grupos desfavorecidos; medida 2.H.03. Programa de atención a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

As axudas do procedemento SI436B estarán financiadas con fondos finalistas dos orzamentos xerais do Estado (OXE) procedentes do Ministerio de Igualdade, no marco do Plan Corresponsables, a través da liña de actuación 00524-Plan Corresponsables.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último do mes.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2024

Sandra Vázquez Domínguez
Secretaria xeral da Igualdade

